

## NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

### INDISPOÑIBILIDADE TRANSITORIA DE ASPIRANTES



Cando non existan aspirantes dispoñibles nunha categoría e ámbito territorial, o pacto establece unha orde subsidiaria para realizar os chamamentos.

1º

#### LISTAS DE CURTA DURACIÓN (POOL)

- Se o nomeamento é **inferior a 90 días** acudirase ás persoas titulares das listas pool da categoría e distrito correspondente.

2º

#### PROMOCIÓN PROFESIONAL

- Se o nomeamento é **inferior a 60 días** acudirase ás persoas admitidas pola quenda de promoción profesional da categoría e distrito correspondente.

3º

#### NOVAS INSCRICIÓNS EN FIDES

##### Categorías CON titulación específica

- Poderán ser chamadas as persoas que **xa dispoñan** da titulación ou especialidade requirida para a categoría.
- Se a inscrición en Fides se realizou **antes da obtención do título**, considerarase como data válida a data real de obtención da titulación.
- A orde de chamamento establecerase **pola maior puntuación na última OPE** resolta do SERGAS da categoría.
- Despois pola **data máis antiga de obtención do título** ou especialidade.
- A continuación **pola orde alfabética** segundo a letra vixente do sorteo da Xunta.
- E posteriormente pola **data de rexistro** e data interna de alta en Fides.
- As inscricións máis recentes **situaranse ao final** en caso de empate.

##### Categorías SIN titulación específica

- Poderán ser chamadas as persoas inscritas en Fides **despois da última xeración de listas**.
- A orde establecerase pola maior puntuación na última OPE resolta do SERGAS da categoría.
- Despois pola data de rexistro da inscrición en Fides.
- E finalmente pola data interna de alta en Fides.
- As inscricións máis recentes situaranse ao final en caso de empate.
- Nestes chamamentos manterase a alternancia entre quenda libre e promoción profesional prevista no pacto.

4º

#### DISTRITOS LIMÍTROFES

- Se continúa a indispoñibilidade poderase acudir ás listas doutros distritos limítrofes.
- Antes destes chamamentos deberá comprobarse previamente que no distrito da persoa aspirante existe persoal dispoñible.

5º

#### LISTAS SUBSIDIARIAS

- Poderán utilizarse listas subsidiarias entre determinadas categorías previstas no Anexo II do pacto.
- Entre elas: médico/a de familia, urxencias hospitalarias e persoal médico do 061; pediatra de AP e FEA de pediatría; hospitalización a domicilio, urxencias hospitalarias e medicina interna.

6º

#### OUTRAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- En **casos excepcionais** e por falta de persoal poderanse ofertar nomeamentos noutra categoría a profesionais que xa teñan un nomeamento activo noutra categoría.
- Estas persoas non teñen por que estar inscritas nas listas desa categoría.
- Deberán dispoñer da titulación necesaria para a nova categoría.
- Manterase o vínculo da categoría de orixe.
- A aceptación será voluntaria.